

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE REALIZADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 29 DE DECEMBRO DE 2014

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as 8:40 horas do día 29 de decembro de 2014, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente don Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria urxente convocada para o día da data.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Dona Rocío Aurora Bértoa Puente, don Alejandro Dopico Rodríguez, don Juan José Franco Casal, dona Juana Barro Couto, don José Andrés Serantes Paineiras, don Iván Puentes Rivera, don Antón Lois Noceda Carballo, don José Antonio López Rodríguez (que se ausenta antes do debate do punto terceiro da orde do día) dona Amalia García Balado, dona María Carmen Silvar Canosa (que se ausenta antes do debate do punto terceiro da orde do día), don Juventino José Trigo Rey, don Manuel Polo Gundín, dona Inés Roca Requeijo e dona María Carmen Martínez Rodríguez.

Non asistiron os/as concelleiros/as: dona Rita María Couto Seijido, don Justo Martínez Ardá

Secretaria:

Dona Estefanía Manteiga Lamas

Interventora:

Dona Marta Roca Naveira

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.-Pronunciamento do Pleno sobre a urxencia da sesión

O concelleiro delegado de facenda, don Juan José Franco Casal e o alcalde, expoñen que a urxencia do pleno vén motivada pola necesidade de cumprir coas obrigas de pago derivadas de convenios asinados con outros concellos e aprobar antes de que acabe o ano a taxa pola prestación do servizo de colectores e estacións de bombeo das augas residuais vertidas á rede de saneamento municipal en alta da zona norte da ría de Ares e sur da ría de Ferrol.

Sometida a urxencia a votación é aprobada pola unanimidade dos concelleiros.

2.-Aprobación, se procede, da aprobación provisional da imposición e ordenación da taxa pola prestación do servizo de colectores e estacións de bombeo das augas residuais vertidas á rede de saneamento municipal en alta da zona norte da ría de Ares e sur da ría de Ferrol e da ordenanza fiscal núm. 19

Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego do Concello de Fene en sesión extraordinaria en data 26 de decembro 2014 por 3 votos a favor do Partido Popular e 2 abstencións , BNG (1) e GRUPO MIXTO (1):

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Tendo en conta a normativa de tributos locais, e facendo uso da posibilidade contida no artigo 111 da Lei 7/1985; e 16 e seguintes do Real decreto legislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais; este Concello pretende aprobar unha nova ordenanza fiscal da taxa pola prestación do servizo de colectores e estacións de bombeo das augas residuais

verquidas á rede de saneamento municipal en alta da zona norte da ría de Ares e Sur da ría de Ferrol.

Logo de ver o informe técnico económico que obra no expediente así como o informe emitido pola Intervención municipal, de 22 de deembro, segundo o cal o proxecto de ordenanza fiscal se axusta á normativa vixente.

En consecuencia co anterior, propónse ó Pleno da corporación, a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar provisionalmente a imposición e ordenación da taxa pola prestación do servizo de colectores e estacións de bombeo das augas residuais verquidas á rede de saneamento municipal en alta da zona norte da ría de Ares e Sur da ría de Ferrol.

SEGUNDO: Aprobar provisionalmente a Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de colectores e estacións de bombeo das augas residuais verquidas á rede de saneamento municipal en alta da zona norte da ría de Ares e Sur da ría de Ferrol, que se transcribe a continuación no Anexo

TERCERO: Dacordo co previsto no Art.17 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locales, os acordos adoptados e a aprobación da ordenanza fiscal se exporán ó público por un periodo de trinta días mediante edicto insertado no boletín oficial da provincia, e nun diario dos de maior difusión da provincia por ser municipio de mais de 10.000 habitantes, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen pertinentes. De non presentarse reclamación ningunha contra os acordos inicialmente adoptados, entenderanse definitivamente adoptados.

Fene, 23 de decembro de 2014

O alcalde,

Gumersindo P. Galego Feal"

ANEXO

ORDENANZA FISCAL Nº 19 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE COLECTORES E ESTACIÓNS DE BOMBEO DAS AUGAS RESIDUAIS VERQUIDAS Á REDE DE SANEAMENTO MUNICIPAL.

ARTIGO 1.- FUNDAMENTO E NATUREZA.

No uso das potestades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a taxa pola prestación do servizo de colectores e estacións de bombeo de augas residuais verquidas á rede de saneamento municipal, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, atendendo as súas normas ao disposto no artigo 57 do devandito Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

ARTIGO 2.- FEITO IMPONIBLE.

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo público municipal de colectores e estacións de bombeo das augas residuais verquidas á rede de saneamento municipal en alta da zona norte da Ría de Ares e Sur da Ría de Ferrol.

ARTIGO 3.- SUXEITO PASIVO E OBRIGADO TRIBUTARIO.

Son suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35 da Lei xeral tributaria que sexan beneficiarios e usuarios do servizo, presumíndose que ostentan tal condición os que consten como titulares para os efectos do abono ao servizo de abastecemento de auga aos inmobles e ou saneamento.

Son responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.

Son responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores e liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

ARTIGO 4.- BASE DE GRAVAME, TARIFA E CUOTA TRIBUTARIA.

1.- No caso de usuarios de alta no subministro municipal de auga potable, a cuota tributaria determinarase pola cantidade resultante da suma dunha parte fixa (cuota do servizo) e dunha parte variable (cuota de consumo) resultante de multiplicar a base impoñible pola tarifa correspondente (prezo/m3).

A base impoñible virá determinada polo volume de auga consumida, medida por contador, segundo a facturación realizada pola empresa concesionaria do servizo ou, no seu caso, polo servizo municipal de augas en cada trimestre natural.

	CUOTA DO SERVIZO (Parte fixa) €/trimestre	CUOTA DE CONSUMO (Parte Variable)	
		Tramos en m3	Prezo/m3
Doméstico	9,00 €	< 40	0,23 €
		40 - 60	0,33 €
		60 - 80	0,43 €
		80 - 100	0,53 €
		100 - 120	0,63 €
		> 120	0,73 €
Comercial	18,00 €	< 40	0,46 €
		40 - 60	0,66 €
		60 - 80	0,86 €
		80 - 100	1,06 €
		100 - 120	1,26 €
		> 120	1,46 €
Industrial	27,00 €	< 40	0,69 €
		40 - 60	0,99 €
		60 - 80	1,29 €
		80 - 100	1,59 €
		100 - 120	1,89 €
		> 120	2,19 €

2.- No caso de usuarios sen subministro municipal de auga potable, a cuota tributaria resultará da aplicación dunha cuota fixa segundo o grupo de actividade:

	COTA DO SERVIZO (€/trimestre)
Doméstico	18,20 €
Comercial	43,00 €
Industrial	132,00 €

3.- Aos efectos da presente ordenanza serán de aplicación os seguintes criterios:

- As **empresas navais e os abonados do Polígono Industrial** incluíranse na **tarifa industrial**.

- O resto de actividades económicas inclúranse na **tarifa comercial**.
- Ás asociacións sen ánimo de lucro con domicilio no Concello inclúranse na **tarifa doméstica**.

ARTIGO 5.- DEVENGO E PERIODO IMPOSITIVO.

1.- A taxa devéngase:

- a) No caso de alta nova devéngase a taxa e nace a obriga de contribuir cando se inicia a prestación do servizo, previa a correspondente solicitude polo suxeito pasivo, ou dende que se utilice éste sen ter obtido a previa licenza ou autorización.
- b) Nos supostos xa incluídos en padróns ou listaxes cobratorias, a taxa devéngase no primeiro día do periodo impositivo, liquidándose trimestralmente.

Todos os inmobles teñen a obriga de efectuar a acometida á rede de saneamento municipal sempre que a distancia entre a rede e o inmovible respectivo non exeda de 100 metros, e sexa técnicamente posible.

2.- Periodo impositivo:

O periodo impositivo coincidirá có trimestre natural.

ARTIGO 6.- EXENCIÓNS E REDUCIÓNS.

Gozarán de exención os contribuíntes que cumpran as seguintes condicións:

Beneficiarios.- Os contribuíntes que reunan todos e cada un dos seguintes requisitos:

- a) Estar empadronado/a no concello de Fene e ter residencia efectiva.
- b) Dispoñer dos recursos económicos máximos contidos no baremo establecido no presente artigo aceditados mediante a presentación da última declaración da renda, ou calesqueira outros documentos que sinalen a situación económica do/a solicitante nos últimos 6 meses anteriores á data da solicitude.
- c) Non ter débedas có Concello de Fene.

Determinación dos recursos. - Terase en conta as seguintes condicións:

a) Ingresos familiares:

- Para 1 persoa soa: pensión mínima de xubilación da seguridade social, para maiores de 65 anos e sen cónxuxe a cargo.
- Para 2 persoas en unidade de convivencia: a pensión mínima de xubilación da seguridade social, para maiores de 65 con cónxuxe a cargo.
- Para 3 ou mais persoas en unidade de convivencia: non superar o 140 % do Salario Mínimo Interprofesional estipulado para cada ano.

Para a comprobación dos requisitos económicos, teranse en conta os seguintes factores:

1.- Os ingresos netos que perciba o/a solicitante e os demais membros da unidade familiar nos 6 meses anteriores á solicitude.

Para o cálculo do conxunto dos ingresos familiares realizarase a seguinte operación:

Ingresos netos anuais (-) gastos de aluguer de vivenda/amortización anuais = *ingresos familiares netos anuais*.

2.- Ingresos procedentes de rendas de capital inmobiliario e/ou mobiliario:

Non poderán beneficiarse desta exención cando a/o solicitante ou calquera outro membro da unidade familiar sexan propietarios/as e/ou usufructuarios/as de bens mobles ou inmobles que, polas súas características, valoración, posibilidade de venda ou calquera forma de explotación indiquen, de xeito notorio, a existencia de medios materiais suficientes para atender o gasto obxecto da presente exención municipal, *agás a propiedade referente á vivenda destiñada a uso propio, sempre que a súa valoración catastral non supere 12 anualidades do salario mínimo interprofesional vixente para cada ano.*

No referente á existencia de capital mobiliario, entenderanse medios económicos suficientes aos efectos da presente ordenanza os que superen os 6.000 euros en contas de aforro ou investimento.

Documentación a aportar:

- a) Solicitude debidamente cumplimentada segundo modelo oficial.
- b) Fotocopia do DNI dos membros da unidade familiar maiores de 18 anos e fotocopia das páxinas do libro de familia, no seu caso.
- c) Xustificante dos ingresos anuais dos membros da unidade familiar maiores de 18 anos:

- Fotocopia compulada da declaración da renda do último exercicio -ou certificado de rentas no caso de non ter que presentar declaración da renda-.
- Documentación que sinala a situación económica nos 6 meses anteriores á data de solicitude (certificado de vida laboral da Seguridade Social, contratos de traballo, xustificante de ingreso de pensións actualizados, nóminas, copia dos movementos bancarios ...)
- d) Xustificantes da vivenda: recibo do IBI, contrato de aluguer con aportación dos últimos 6 recibos, documentos de amortización do préstamo hipotecario sobre a vivenda, etc.
- e) Certificación bancaria de xuros e retencións con indicación do saldo bancario a 31/12 do ano anterior á solicitude.
- f) Calquera outra documentación que poida resultar necesaria para a resolución do expediente.

Prazo de solicitude.- O prazo para a presentación das solicitudes comprenderá o primeiro trimestre do ano natural no que se insta a súa concesión.

A exención concedida terá efectos no ano natural no que se insta a súa concesión, debendo solicitar a prórroga nos anos sucesivos, achegando a documentación que acredite que se seguen cumprindo os requisitos para a súa obtención.

Procedemento para a resolución.-

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello no modelo facilitado ao efecto e achegando a documentación necesaria para verificar o cumprimento das condicións establecidas no presente artigo.

Para a instrución do expediente, realizarase a comprobación de oficio dos seguintes extremos:

- empadramento da unidade familiar.
- existencia/non existencia de débedas co concello.
- existencia/non existencia doutros bens inmobles propiedade dos/das solicitantes.

Unha vez comprobada a documentación aportada en cada solicitude, e unha vez emitidos os informes técnicos precisos, ditarase Resolución ó respecto dándolle traslado os/as solicitantes.

No suposto de que se comprobara que non son certos os datos consignados na declaración ou se tiveran ocultado outros que poideran calificarse como esenciais, procederase a desestimar a solicitude.

ARTIGO 7.- XESTIÓN, LIQUIDACIÓN E RECADACIÓN

1.- A xestión e recadación da presente taxa poderá realizarse en xestión directa, polo propio Concello, ou en xestión indirecta, segundo se estea a prestar o servizo dunha forma ou outra.

No primeiro trimestre de cada exercicio expoñerase ao público o censo de contribuíntes para posibles reclamacións.

A lectura dos contadores do trimestre deberá ser facilitada ao departamento de recadación dentro do primeiro mes do trimestre seguinte ao do devengo, aos efectos de confeccionar o padrón fiscal correspondente.

2.- Con periodicidade trimestral, e unha vez obtida a lectura dos contadores, elaboraranse un padrón comprensivo das liquidación por recibo referidas á prestación do servizo público de colectores e estacións de bombeo das augas residuais verquidas á rede de saneamento municipal.

Os padróns serán aprobados e expostos ao público por un periodo de 15 días. O prazo para formular o recurso de reposición será dun mes, contado dende o remate da exposición ao público, precisándose no acordo de aprobación o prazo do periodo cobratorio que nunca poderá ser inferior a dous meses e axustándose o mesmo ás instrucións que se diten pola Tesourería Municipal.

3.- As notificacións de altas e baixas, que se produzan nun trimestre en relación ao anterior, levarase a cabo individualmente.

Os propietarios de edificios e vivendas ou os usuarios do servizo están obrigados a presentar nas oficinas municipais ou, de ser o caso, nas oficinas da empresa concesionaria, as oportunas altas que orixinan a obriga de contribuir.

Igual obriga existirá nos cambios de titularidade dun edificio, vivenda ou local e cando se produzan variacións físicas ou xurídicas que teñan transcendencia na orde tributaria.

As altas e baixas que se produzan no servizo de augas e sanamento producirán efectos automáticos respecto da taxa prestación do servizo público de colectores e estacións de bombeo das augas residuais verquidas á rede de

saneamento municipal, debendo a empresa concesionaria do servizo, de ser o caso, remitir trimestralmente, xunto coa lectura de contadores, a relación das mesmas.

Cando a alta, baixa ou variación do Padrón Fiscal se derive da solicitude ou declaración presentada polo interesado e a liquidación resultante non modifica os datos consignados polo obrigado tributario, non será necesaria a notificación expresa de alteración.

No caso de inmobles que non dispoñan de servizo domiciliario de auga as altas producirán efecto o mesmo trimestre en que se produzan e as baixas no trimestre seguinte a aquel en que se declaren. Unhas e outras deberán ser postas en coñecemento do Concello dentro dos 15 días seguintes a aquel na que se produzan.

4.- O órgano competente para apremiar as liquidacións e recibos non satisfeitos no periodo voluntario será a Tesourería Municipal.

ARTIGO 8.- INFRACCIÓNS E SANCIONS TRIBUTARIAS.

En todo o relativo a infraccións e a súa cualificación, así como as sancións que ás mesmas corresponda en cada caso, serán de aplicación os artigos 183 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza que consta de 8 artigo e unha disposición final foi aprobada polo Concello Pleno en sesión de data _____ e publicada no BOP _____, entrará en vigor dende _____ e ata a súa modificación ou derogación expresas.

Abre o debate o voceiro do grupo socialista, don Antón Lois Noceda Carballo, para dicir que este expediente se trae ao límite ao pleno cando hai meses que se podería haber traído, xa que as condicións eran as mesmas, e propiciar así un debate máis sosegado.

Di que é certo que houbo intención de mellorar a proposta inicial nas xuntanzas de voceiros pero que iso foi insuficiente, xa que as adaptacións proviñeron da sensibilidade dos grupos da oposición e non dun estudo serio e sosegado de subir os limiares. É por iso que considera que con esta taxa o que se fará será, sobre todo, experimentar, de tal xeito que será a finais do 2015 cando se vexan os seus efectos e se verdadeiramente se adapta á realidade dos máis desfavorecidos, xa que falta un estudo serio dos servizos sociais para ver a realidade socioeconómica e bolsas de pobreza.

Inda que a valoración non é positiva, anuncia a abstención do seu grupo para favorecer a aprobación da ordenanza e non ocasionar máis prexuízos á institución municipal.

Por parte do grupo do BNG, o seu voceiro, don Juventino José Trigo Rey, quíxase de que este expediente se traia ao límite ao pleno e di que teñen dúbidas sobre os criterios de comercial e industrial, non vendo lóxico que empresas como Carbuos Metálicos queden como comercial, pagando o mesmo que calquera tenda de roupa; ou que a gasoleira que está no polígono paque como industrial e a de Fene como comercial.

Engade que lles gustaría un tramo máis baixo para o comercial, pero, non obstante, anuncia a abstención do seu grupo, agardando que no futuro se fagan estas correccións.

Remata a súa intervención dicindo que levan tres anos pedindo que se adapten as ordenanzas, actualizando todo e facendo unhas exencións comúns básicas.

Por parte do grupo mixto, a concelleira dona María Carmen Martínez Rodríguez, coincide no manifestado polos grupos da oposición e anuncia a abstención inda que a ordenanza non é moi do gusto do seu grupo.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría simple de 6 votos a favor do grupo do PP, con 9 abstencións (5 do grupo socialista, 3 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto).

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

PRIMEIRO: Aprobar provisionalmente a imposición e ordenación da taxa pola prestación do servizo de colectores e estacións de bombeo das augas residuais verquidas á rede de saneamento municipal en alta da zona norte da ría de Ares e Sur da ría de Ferrol.

SEGUNDO: Aprobar provisionalmente a Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de colectores e estacións de bombeo das augas residuais verquidas á

rede de saneamento municipal en alta da zona norte da ría de Ares e Sur da ría de Ferrol, que se transcribe a continuación no Anexo

TERCERO: Dacordo co previsto no Art.17 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locales, os acordos adoptados e a aprobación da ordenanza fiscal se exporán ó público por un periodo de trinta días mediante edicto insertado no boletín oficial da provincia, e nun diario dos de maior difusión da provincia por ser municipio de mais de 10.000 habitantes, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen pertinentes. De non presentarse reclamación ninguna contra os acordos inicialmente adoptados, entenderanse definitivamente adoptados.

ANEXO

ORDENANZA FISCAL Nº 19 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE COLECTORES E ESTACIÓNS DE BOMBEO DAS AUGAS RESIDUAIS VERQUIDAS Á REDE DE SANEAMENTO MUNICIPAL.

ARTIGO 1.- FUNDAMENTO E NATUREZA.

No uso das potestades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a taxa pola prestación do servizo de colectores e estacións de bombeo de augas residuais verquidas á rede de saneamento municipal, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, atendendo as súas normas ao disposto no artigo 57 do devandito Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

ARTIGO 2.- FEITO IMPONIBLE.

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo público municipal de colectores e estacións de bombeo das augas residuais verquidas á rede de saneamento municipal en alta da zona norte da Ría de Ares e Sur da Ría de Ferrol.

ARTIGO 3.- SUXEITO PASIVO E OBRIGADO TRIBUTARIO.

Son suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35 da Lei xeral tributaria que sexan beneficiarios e usuarios do servizo, presumíndose que ostentan tal condición os que consten como titulares para os efectos do abono ao servizo de abastecemento de auga aos inmobles e ou saneamento.

Son responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.

Son responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores e liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

ARTIGO 4.- BASE DE GRAVAME, TARIFA E CUOTA TRIBUTARIA.

1.- No caso de usuarios de alta no subministro municipal de auga potable, a cuota tributaria determinarase pola cantidade resultante da suma dunha parte fixa (cuota do servizo) e dunha parte variable (cuota de consumo) resultante de multiplicar a base imponible pola tarifa correspondente (prezo/m³).

A base imponible virá determinada polo volume de auga consumida, medida por contador, segundo a facturación realizada pola empresa concesionaria do servizo ou, no seu caso, polo servizo municipal de augas en cada trimestre natural.

	CUOTA DO SERVIZO (Parte fixa) €/trimestre	CUOTA DE CONSUMO (Parte Variable)	
		Tramos en m3	Prezo/m3
Doméstico	9,00 €	< 40	0,23 €
		40 - 60	0,33 €
		60 - 80	0,43 €
		80 - 100	0,53 €
		100 - 120	0,63 €
		> 120	0,73 €
Comercial	18,00 €	< 40	0,46 €
		40 - 60	0,66 €
		60 - 80	0,86 €
		80 - 100	1,06 €
		100 - 120	1,26 €
		> 120	1,46 €
Industrial	27,00 €	< 40	0,69 €
		40 - 60	0,99 €
		60 - 80	1,29 €
		80 - 100	1,59 €
		100 - 120	1,89 €
		> 120	2,19 €

2.- No caso de usuarios sen subministro municipal de auga potable, a cuota tributaria resultará da aplicación dunha cuota fixa segundo o grupo de actividade:

	COTA DO SERVIZO (€/trimestre)
Doméstico	18,20 €
Comercial	43,00 €
Industrial	132,00 €

3.- Aos efectos da presente ordenanza serán de aplicación os seguintes criterios:

- As **empresas navais e os abonados do Polígono Industrial** incluíranse na **tarifa industrial**.
- O resto de actividades económicas incluíranse na **tarifa comercial**.
- Ás asociacións sen ánimo de lucro con domicilio no Concello incluíranse na **tarifa doméstica**.

ARTIGO 5.- DEVENGO E PERIODO IMPOSITIVO.

1.- A taxa devéngase:

a) No caso de alta nova devéngase a taxa e nace a obriga de contribuir cando se inicia a prestación do servizo, previa a correspondente solicitude polo suxeito pasivo, ou dende que se utilice éste sen ter obtido a previa licenza ou autorización.

b) Nos supostos xa incluídos en padróns ou listaxes cobratorias, a taxa devéngase no primeiro día do periodo impositivo, liquidándose trimestralmente.

Todos os inmobles teñen a obriga de efectuar a acometida á rede de saneamento municipal sempre que a distancia entre a rede e o inmoble respectivo non exeda de 100 metros, e sexa técnicamente posible.

2.- Periodo impositivo:

O periodo impositivo coincidirá có trimestre natural.

ARTIGO 6.- EXENCIÓNS E REDUCIÓNS.

Gozarán de exención os contribuíntes que cumplan as seguintes condicións:

Beneficiarios.- Os contribuíntes que reunan todos e cada un dos seguintes requisitos:

- a) Estar empadronado/a no concello de Fene e ter residencia efectiva.
- b) Dispoñer dos recursos económicos máximos contidos no baremo establecido no presente artigo aceditados mediante a presentación da última declaración da renda, ou calesqueira outros documentos que sinalen a situación económica do/a solicitante nos últimos 6 meses anteriores á data da solicitude.
- c) Non ter débedas có Concello de Fene.

Determinación dos recursos. - Terase en conta as seguintes condicións:

- a) Ingresos familiares:
 - Para 1 persoa soa: pensión mínima de xubilación da seguridade social, para maiores de 65 anos e sen cónxuxe a cargo.
 - Para 2 persoas en unidade de convivencia: a pensión mínima de xubilación da seguridade social, para maiores de 65 con cónxuxe a cargo.
 - Para 3 ou mais persoas en unidade de convivencia: non superar o 140 % do Salario Mínimo Interprofesional estipulado para cada ano.

Para a comprobación dos requisitos económicos, teranse en conta os seguintes factores:

1.- Os ingresos netos que perciba o/a solicitante e os demais membros da unidade familiar nos 6 meses anteriores á solicitude.

Para o cálculo do conxunto dos ingresos familiares realizarase a seguinte operación:
Ingresos netos anuais (-) gastos de aluguer de vivenda/amortización anuais = *ingresos familiares netos anuais*.

2.- Ingresos procedentes de rendas de capital inmobiliario e/ou mobiliario:

Non poderán beneficiarse desta exención cando a/o solicitante ou calquera outro membro da unidade familiar sexan propietarios/as e/ou usufructuarios/as de bens mobles ou inmobles que, polas súas características, valoración, posibilidade de venda ou calquera forma de explotación indiquen, de xeito notorio, a existencia de medios materiais suficientes para atender o gasto obxecto da presente exención municipal, *agás a propiedade referente á vivenda destiñada a uso propio, sempre que a súa valoración catastral non supere 12 anualidades do salario mínimo interprofesional vixente para cada ano.*

No referente á existencia de capital mobiliario, entenderanse medios económicos suficientes aos efectos da presente ordenanza os que superen os 6.000 euros en contas de aforro ou investimento.

Documentación a aportar:

- a) Solicitude debidamente cumplimentada segundo modelo oficial.
- b) Fotocopia do DNI dos membros da unidade familiar maiores de 18 anos e fotocopia das páxinas do libro de familia, no seu caso.
- c) Xustificante dos ingresos anuais dos membros da unidade familiar maiores de 18 anos:
 - Fotocopia computada da declaración da renda do último exercicio -ou certificado de rentas no caso de non ter que presentar declaración da renda-.

- Documentación que sinala a situación económica nos 6 meses anteriores á data de solicitude (certificado de vida laboral da Seguridade Social, contratos de traballo, xustificante de ingreso de pensións actualizados, nóminas, copia dos movementos bancarios ...)
- d) Xustificantes da vivenda: recibo do IBI, contrato de aluguer con aportación dos últimos 6 recibos, documentos de amortización do préstamo hipotecario sobre a vivenda, etc.
- e) Certificación bancaria de xuros e retencións con indicación do saldo bancario a 31/12 do ano anterior á solicitude.
- f) Calquera outra documentación que poida resultar necesaria para a resolución do expediente.

Prazo de solicitude.- O prazo para a presentación das solicitudes comprenderá o primeiro trimestre do ano natural no que se insta a súa concesión.

A exención concedida terá efectos no ano natural no que se insta a súa concesión, debendo solicitar a prórroga nos anos sucesivos, achegando a documentación que acredite que se seguen cumprindo os requisitos para a súa obtención.

Procedemento para a resolución.-

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello no modelo facilitado ao efecto e achegando a documentación necesaria para verificar o cumprimento das condicións establecidas no presente artigo.

Para a instrucción do expediente, realizarase a comprobación de oficio dos seguintes extremos:

- empadroamento da unidade familiar.
- existencia/non existencia de débedas co concello.
- existencia/non existencia doutros bens inmobles propiedade dos/das solicitantes.

Unha vez comprobada a documentación aportada en cada solicitude, e unha vez emitidos os informes técnicos precisos, ditarase Resolución ó respecto dándolle traslado os/as solicitantes.

No suposto de que se comprobara que non son certos os datos consignados na declaración ou se tiveran ocultado outros que poideran calificarse como esenciais, procederase a desestimar a solicitude.

ARTIGO 7.- XESTIÓN, LIQUIDACIÓN E RECADACIÓN

1.- A xestión e recadación da presente taxa poderá realizarse en xestión directa, polo propio Concello, ou en xestión indirecta, segundo se estea a prestar o servizo dunha forma ou outra.

No primeiro trimestre de cada exercicio expoñerase ao público o censo de contribuíntes para posibles reclamacións.

A lectura dos contadores do trimestre deberá ser facilitada ao departamento de recadación dentro do primeiro mes do trimestre seguinte ao do devengo, aos efectos de confeccionar o padrón fiscal correspondente.

2.- Con periodicidade trimestral, e unha vez obtida a lectura dos contadores, elaborárase un padrón comprensivo das liquidación por recibo referidas á prestación do servizo público de colectores e estacións de bombeo das augas residuais verquidas á rede de saneamento municipal.

Os padróns serán aprobados e expostos ao público por un periodo de 15 días. O prazo para formular o recurso de reposición será dun mes, contado dende o remate da exposición ao público, precisándose no acordo de aprobación o prazo do periodo cobratorio que nunca poderá ser inferior a dous meses e axustándose o mesmo ás instruccións que se diten pola Tesourería Municipal.

3.- As notificacións de altas e baixas, que se produzan nun trimestre en relación ao anterior, levarase a cabo individualmente.

Os propietarios de edificios e vivendas ou os usuarios do servizo están obrigados a presentar nas oficinas municipais ou, de ser o caso, nas oficinas da empresa concesionaria, as oportunas altas que orixinan a obriga de contribuir.

Igual obriga existirá nos cambios de titularidade dun edificio, vivenda ou local e cando se produzan variacións físicas ou xurídicas que teñan transcendencia na orde tributaria.

As altas e baixas que se produzan no servizo de augas e sanemento producirán efectos automáticos respecto da taxa prestación do servizo público de colectores e estacións de bombeo das augas residuais verquidas á rede de saneamento municipal, debendo a empresa concesionaria do servizo, de ser o caso, remitir trimestralmente, xunto coa lectura de contadores, a relación das mesmas.

Cando a alta, baixa ou variación do Padrón Fiscal se derive da solicitude ou declaración presentada polo interesado e a liquidación resultante non modifica os datos consignados polo obrigado tributario, non será necesaria a notificación expresa de alteración.

No caso de inmobles que non dispoñan de servizo domiciliario de auga as altas producirán efecto o mesmo trimestre en que se produzan e as baixas no trimestre seguinte a aquel en que se declaren. Unhas e outras deberán ser postas en coñecemento do Concello dentro dos 15 días seguintes a aquel na que se produzan.

4.- O órgano competente para apremiar as liquidacións e recibos non satisfeitos no periodo voluntario será a Tesourería Municipal.

ARTIGO 8.- INFRACCIÓN E SANCIONS TRIBUTARIAS.

En todo o relativo a infraccións e a súa cualificación , así como as sancións que ás mesmas corresponda en cada caso, serán de aplicación os artigos 183 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza que consta de 8 artigo e unha disposición final foi aprobada polo Concello Pleno en sesión de data _____ e publicada no BOP _____, entrará en vigor dende _____ e ata a súa modificación ou derogación expresas.

3.-Aprobación, se procede, da modificación das bases de execución do orzamento do exercicio 2014

Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego do Concello de Fene en sesión extraordinaria en data 26 de decembro 2014 por 3 votos a favor do Partido Popular e 2 abstencións , BNG (1) e GRUPO MIXTO (1):

“PROPOSTA DA ALCALDIA

Logo de ver a providencia da Alcaldía de 11/12/2014 relativa á proposta de modificación das bases de execución do orzamento do exercicio 2014.

Visto o informe de fiscalización favorable da Intervención municipal de 11/12/2014.

Esta Alcaldía **PROPON** que polo Concello Pleno, previo dictame da Comisión de Facenda, se proceda á adopción dos seguintes acordos:

1º.-Modificar as Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2014, introducindo a BEO/26. Bis co seguinte contido:

“Base « 26. BIS». Exclusión da obriga de presentación de factura electrónica

Estarán obrigados a facturar electrónicamente e presentar a factura a través do punto xeral de entrada de facturas electrónicas todos os provedores que entregasen bens ou prestasen servizos ao Concello de Fene e que se correspondan coas entidades ás que fai referencia o apartado primeiro do artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público.

En aplicación da previsión contida no último parágrafo do artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, quedan **excluídas da obriga de facturar electrónicamente**, aínda que sexan emitidas polas entidades obrigadas ao emprego da factura electrónica, as facturas cun importe **de ata 5000 € IVE** incluído. En todo caso, as facturas emitidas deberán conter todos os datos e información requeridos con carácter xeral.”

2º.- De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Ley Reguladora das Facendas Locales, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición publica do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

3º.- O expediente entenderase definitivamente aprobado, no caso de que durante o referido periodo de exposición pública non se presenten reclamacións.

Fene, a 11/12/2014
O ALCALDE
Asdo. Gumersindo P. Galego Feal”

O voceiro do grupo do BNG, don Juventino José Trigo Rey, di que lles parece unha pena que este tipo de controis do goberno central non os faga a Xunta, para que así haxa máis cercanía cos concellos. Anuncia a abstención do seu grupo porque ven razoable o control destas facturas inda que non ven correcto que se aplique a empresas como as subministradoras eléctricas que facturan moito, correndo o risco de que estas facturas queden nun caixón sen dar parte delas á Administración.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría simple de 6 votos a favor do grupo do PP, con 7 abstencións (3 do grupo socialista, 3 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto).

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

1º.-Modificar as Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2014, introducindo a BEO/26. Bis co seguinte contido:

“Base « 26. BIS». Exclusión da obriga de presentación de factura electrónica

Estarán obrigados a facturar electrónicamente e presentar a factura a través do punto xeral de entrada de facturas electrónicas todos os provedores que entregasen bens ou prestasen servizos ao Concello de Fene e que se correspondan coas entidades ás que fai referencia o apartado primeiro do artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público.

En aplicación da previsión contida no último parágrafo do artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, quedan excluídas da obriga de facturar electrónicamente, aínda que sexan emitidas polas entidades obrigadas ao emprego da factura electrónica, as facturas cun importe de ata 5000 € IVE incluído. En todo caso, as facturas emitidas deberán conter todos os datos e información requeridos con carácter xeral.”

2º.- De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Ley Reguladora das Facendas Locales, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición publica do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

3º.- O expediente entenderase definitivamente aprobado, no caso de que durante o referido periodo de exposición pública non se presenten reclamacións.

4.-Aprobación, se procede, do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito núm. 8/2014

Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego do Concello de Fene

en sesión extraordinaria en data 26 de decembro 2014 por 3 votos a favor do Partido Popular e 2 abstencións , BNG (1) e GRUPO MIXTO (1):

"PROPOSTA DA ALCALDIA

ASUNTO: RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 8/2014 .

Logo de ver a providencia da Alcaldía de 23 de decembro de 2014 polo que se incoa o presente expediente e se xustifica a necesidade do mesmo.

Logo de ver o informe da Intervención municipal relativo á fiscalización do expedientes de recoñecemento extraxudicial nº 8/2014 que transcrito di:

"INFORME DE INTERVENCIÓN

ASUNTO: Fiscalización previa preceptiva do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos polo Pleno nº 8/2014

LEXISLACIÓN E NORMATIVA APLICABLE BASICA

- (TRLRFL) artigos 163,173,215 a 217 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido Da Lei Reguladora das Fachendas Locais.
- (RD500/1990) artigos 26.2c) e 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenrola o capítulo primeiro do Título Segundo do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.
- (LBRL) artigo 112.1 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime local.
- (TRRL) artigo 23.1 do Real decreto Lei 781/1986 polo que se aproba o Texto Reundido das Disposicións vixentes en materia de Réxime local.
- Real Decreto 1619/2012 que regulamenta o deber de expedir factura que corresponde ós empresarios e profesionais.
- Bases de execución do orzamento do exercicio 2014.

ANTECEDENTES

Con data de 23 de decembro, a Alcaldía propón a aprobación da relación de facturas co obxecto de proceder ó seu recoñecemento extraxudicial polo Pleno da Corporación ó non ser incluídas no orzamento do exercicio económico que lle correspondía. O importe total ascende a 2384.00 €. A relación de facturas é a que se determina na providencia de inicio do expediente.

INFORME

Primeiro.-Principio de especialidade cuantitativa dos créditos orzamentarios: O artigo 163.5 do TRLRFL e o artigo 25 do RD500/1990 refírense ó principio de especialidade cuantitativa dos créditos orzamentarios no ámbito local. Ditos créditos teñen carácter limitativo e vinculante, por eso non poden adquirirse compromisos de gasto por cuantía superior ó importe dos créditos autorizados no estado de gastos. A infracción do principio orzamentario penalízase coa nulidade de pleno dereito dos acordos, resolucións e actos administrativos que incurran na mesma.

Segundo.-Principio de anualidade orzamentaria: O artigo 26 do RD 500/90, que transcribe casi literalmente o artigo 163 do TRLRFL, refírese ó principio de especialidade temporal, según o cal con cargo ós créditos do estado de gastos de cada orzamento solo poderán recoñecerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario. Aínda así, aplicaránse ós créditos do orzamento vixente, no momento do seu recoñecemento, as seguintes obrigacións:

- As que resulten da liquidación de atrasos a favor do persoal que perciba as súas retribucións con cargo ós Orzamentos Xerais da Entidade.
- As derivadas de compromisos de gasto debidamente adquiridos en exercicios anteriores, previa incorporación de créditos no suposto establecido no artigo 163.3.
- As obrigas procedentes de exercicios anteriores a que se refire o artigo 60.2 do RD 500/90. Neste último artigo cítase a figura do **recoñecemento extraxudicial** de crédito.

Terceiro.- Concepto de recoñecemento extraxudicial de créditos: A xurisprudencia do Tribunal Supremo (Sentencias de 12 de febreiro de 1990, 25 e 8 de outubro de 1986) atenúa o rigor na aplicación dos principios citados ó contrastarlos coa "Teoría do enriquecemento inxusto", pola que "no se pode alegar como impedimento en el cumplimiento de la obligación de pago la ausencia de ciertas formalidades."

Ademais debemos ter en conta os principios de confianza lexítima e boa fe que deben presidir as relacións entre as Administracións Públicas e os cidadáns. Estes principios, que xa foran recoñecidos pola xurisprudencia contencioso-administrativa, incorporáronse ó dereito positivo na Lei 4/99, que

modifica parcialmente a Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

Do anterior dedúcese que o nome de "recoñecemento extraxudicial de crédito" deriva da posibilidade que teñen as Entidades Locais para proceder a recoñecer aquelas obrigas económicas que, aínda incumprindo a norma de non ter consignación orzamentaria ou de non seguir o procedemento de adxudicación correspondente, derivan de prestacións de servizos, execución de obras ou entrega de materiais que efectivamente se realizasen, evitando así a necesidade de iniciar as accións xudiciais correspondentes por parte dos contratistas, que serían estimadas en base á citada teoría do enriquecemento inxusto. De ahí deriva o nome de recoñecemento extraxudicial en canto vense a substituír ós órganos xudiciais.

En todo caso, e aínda cando da interpretación dos artigos 26.2 c) e 60.2 do RD 500/90 pode desprenderse que, previo recoñecemento do Pleno, poden aplicarse ó orzamento vixente gastos realizados en exercicios anteriores, debe entenderse, como xa sinalou a Audiencia de Contas de Canarias, que esta excepción se contempla para convalidar situacións puntuales e irregulares e non como posibilidade regulada, na maior parte dos supostos, para realizar sistemáticamente gastos sin a suficiente consignación orzamentaria, **debéndose evitar no posible a utilización desta figura controvertida.**

Con igual claridade se manifesta o Consello de Contas de Galicia no informe de fiscalización do Concello de Boqueixón do ano 2000, que tras considerar censurable a utilización recorrente deste mecanismo xeneralizando así un procedemento que a lei prevé como excepcional para a protección de terceiros, sinala que:

"...tal excepcionalidad requiere la tramitación de un expediente para cada caso concreto en el que debería constar un informe o memoria del órgano gestor del gasto en el que se justifique cuáles fueron los motivos que dieron lugar a la realización de gastos sin ajustarse al procedimiento legalmente establecido"

Cuarto.- Enriquecemento inxusto da Administración: A proposta pretende que o Concello recoñeza como propias as obrigas para con terceiros derivadas das prestacións por éstos realizadas en anos anteriores, evitando así o enriquecemento inxusto da Administración. No noso dereito, e a falta dun texto legal que consagre dito principio, foi a xurisprudencia a que fixo múltiples aplicacións da idea, que pode por elo considerarse como doutrina xurisprudencial.

Si finalmente se considera que o servizo debe de ser abonado polo concello, danse os requisitos para que prospere dita petición, xa que o concello obtería unha ventaxa patrimonial (servizo executado) e o contratista veríase empobrecido pola ventaxa obtida polo concello e non existiría causa que xustificase a merma patrimonial dos terceiros afectados.

Ademais os retrasos no recoñecemento e abono de obrigas poden dar lugar á reclamación de xuros de demora, co conseguinte perxucio económico para o concello.

Quinto.- Competencia: A base 31ª de BE/14, referida ó recoñecemento extraxudicial dos créditos, dispón que "1.1. - O recoñecemento extraxudicial de créditos corresponderá ó Pleno cando no expediente tramitado ó efecto non se acredite a existencia de crédito dispoñible suficiente nas partidas orzamentarias de aplicación, todo elo de conformidade co establecido no artigo 60.2 en relación co artigo 26.1 c) do Real Decreto 500/1990. En todo caso, enténdese que existe dotación orzamentaria cando o orzamento en vigor prevea aplicacións orzamentarias específicas para gastos relativos a exercicios anteriores e se correspondan cos que sexan obxecto de recoñecemento extraxudicial".

Nas aplicacións orzamentarias ás que se imputan as facturas que figuran na proposta de Alcaldía non existía crédito dispoñible para os gastos do exercicio anterior aprobándose con carácter previo á tramitación do presente expediente expediente modificativo de crédito co fin de habilitar crédito para este fin, polo que o **órgano competente para o recoñecemento extraxudicial de crédito será o pleno** de conformidade co previsto nas BEO/14. Así a BEO 31ª determina que:

"1.4. O **recoñecemento extraxudicial de créditos que lle corresponde aprobar ó Pleno** esixe os seguintes trámites:

- a) Recoñecemento da obriga, mediante a **explicitación circunstanciada de todos os condicionamentos que orixinaron a actuación, motivando a necesidade** de facer fronte, a favor do interesado, ao valor dos gastos ocasionados pola realización da prestación.
- b) **Existencia de dotación orzamentaria específica**, adecuada e suficiente para a imputación do respectivo gasto, xa sexa mediante consignación inicial ou posterior ou ben derivada dunha modificación tramitada para o efecto.

A dotación orzamentaria, de existir no orzamento para gastos, en principio, do mesmo exercicio, requirirá o informe do órgano de xestión competente acreditando a posible imputación do gasto sen que se produza prexuízo nin ningunha limitación para a realización de todas as atencións do exercicio corrente na conseguinte aplicación orzamentaria.

O expediente para o recoñecemento da obriga deberá conter, como mínimo, os seguintes documentos:

a) Memoria xustificativa realizada polo Alcalde, sobre os seguintes extremos:

- Xustificación da necesidade do gasto efectuado e causas polas que se incumpriu o procedemento xurídico-administrativo e/ou orzamentario correspondente.

- Data ou período de realización.

- Importe da prestación realizada.

b) Factura detallada, ou documento que acredite a realización do gasto, da prestación realizada debidamente conformada polos responsables do servizo e, se é o caso, certificación de obra.

c) Informe do concelleiro correspondente co Vº e Prace do Alcalde, nos casos de imputación ao orzamento do exercicio corrente, de que non existe ningún impedimento ou limitación a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atencións da aplicación orzamentaria durante todo o ano en curso.

Noutro caso, o expediente de Recoñecemento Extraxudicial requirirá a tramitación previa ou simultánea de modificación de créditos.

d) Documento pre-contable "ADO" (Autorización, Disposición de Gasto, Recoñecemento e Liquidación da Obriga) no caso de que se imputase a créditos do exercicio ou proposta previa ou simultánea de modificación de crédito que permita asumir os gastos de exercicios anteriores. Neste último caso, se a aprobación inicial da modificación de crédito é simultánea á aprobación do Recoñecemento Extraxudicial de Créditos farase constar no acordo que a eficacia do dito recoñecemento queda condicionada á validez e eficacia da modificación acordada. Na medida en que a modificación non sexa eficaz, non poderá procederse á imputación orzamentaria dos gastos e ao seu pagamento.

e) Informe da Intervención Xeral.

Necesidade de verificar a existencia de consignación orzamentaria: Previamente á aprobación do REC, debe asegurarse no orzamento corrente a existencia de consignación orzamentaria suficiente, podendo procederse á dotación, de ser necesario, mediante o expediente de CE, SC ou TC, no seu caso.

Sexto.- Os documentos presentados reúnen os requisitos esixidos polo Real Decreto 1619/2012 polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

Sétimo.- As facturas/documentos substitutivos están conformadas polos concelleiros responsables nos termos esixidos polas BEO., o que implica que efectivamente o gasto foi realizado

CONCLUSIÓN.-

A fiscalización desta intervención en relación co presente expediente de recoñecemento extraxudicial nº 8/14 é de reparo sen efectos suspensivos-debido á conveniencia de non reiterar os reparos por un mesmo motivo- en relación coas facturas que se indican no apartado de observacións.

Reitérase novamente, a necesidade de evitar a utilización desta figura controvertida que a lei prevé como excepcional.

En todo caso, advertir da necesidade de que posto que se está a imputar gasto do exercicio anterior ó corrente, deberase efectuar un adecuado control do gasto no exercicio co fin de evitar estas situacións.

Segundo criterio da que suscribe o presente informe, si se acreditase a obrigación do concello de facer fronte ós gastos descritos, procedería, dado que non existe crédito no orzamento do presente exercicio para facer fronte ó gasto que se propón, que polo Pleno e baixo a súa responsabilidade, se procedera a recoñecer extraxudicialmente o crédito a favor dos terceiros antes relacionados.

OBSERVACIONES

-Fiscalízase desfavorablemente e sen efectos suspensivos, debido á conveniencia de non reiterar os reparos por un mesmo motivo as facturas emitidas por Instituto Gallego de Cirujía Ocular.

Nestes casos consta unicamente as facturas conformadas polo concelleiro responsable, obviándose (tendo en conta a duración dos contratos) a realización dos trámites para a preparación e adxudicación dos contratos. En definitiva, **atopámonos ante unha mera contratación verbal** carente de procedemento pero non de consecuencias. Recordemos que, a TRLCSP no seu artigo 28 relativo ó carácter formal da contratación do sector público que determina que " Los entes,

organismos y entidades del sector público no podrán contratar verbalmente, salvo que el contrato tenga, conforme a lo señalado en el artículo 97,1, carácter de emergencia". Admitido pois que estamos ante unha contratación verbal esta debe ser conxugado co principio de enriquecemento inxusto da administración e que implica a necesidade de que o concello quede obrigado ó pago das prestacións recibidas.

Por outra banda, a fiscalización previa do gasto ven esixida non solamente polo TRLCSP senón tamén polo TRLHL e as Bases de Execución, que foi omitida nestes expedientes. Esta ausencia da fiscalización constitúe unha irregularidade que esixe o trámite da súa convalidación mediante o correspondente acordo do órgano competente, neste caso Alcaldía, para recoñecer a obriga de pago, a fin de facer posible que uns gastos realizados sen o preceptivo control interno e preventivo poidan ser satisfeitos ós terceiros afectados.

De todo o anterior, pode **concluirse que:**

- **O concello procedeu á contratación verbal destes servizos**, contratación que se atopa prohibida polo TRLCSP salvo nos casos de emerxencia.
- O concello non pode omitir as consecuencias desa contratación verbal en virtude do principio de enriquecemento inxusto da Administración.

Ademais do anterior, e no caso das facturas de Marino Puentes Rodríguez por importe de 200 € ndicar que – nos termos previstos nas BEO- o gasto aínda que se imputa como gasto protocolario ou de representación non obedece a este concepto. Sen que o afirmado no presente apartado sexa unha observación de legalidade como as restantes observacións, esta Intervención considera convinte informar ó Pleno do restrictivo criterio que o Tribunal de Cuentas mantén respecto a este tipo de gastos, entendendo como protocolo ou representación soamente gastos necesarios para atención a personalidades ou autoridades en encontros (comidas, reunións, conversas, etc...) que teñan certa relevancia pública e municipal por tratar asuntos, directa ou incidentalmente, de interese para o municipio (exemplo: visita institucional dun Concelleiro da Xunta ou doutro Alcalde de localidade distinta para facer unha inauguración ou para trata – la negociación dun convenio, dunha subvención.

Por outra banda, e sen que a presente consideración forme parte do control de legalidade que corresponde a esta Intervención, dende unha perspectiva económica e de eficacia e eficiencia, infórmase, pola que asina o presente informe, que sería igualmente beneficioso para o Concello a utilización dos procedementos establecidos na normativa contractual, de cara a alcanzar os obxetivos de estabilidade orzamentaria e control do gasto. A conclusión sería que acudir os procedementos establecidos, dende unha perspectiva económico-financieira, suporía unha eficiente utilización dos fondos destinados a realización de obras, a adquisición de bens e a contratación dos servizos mediante a esixencia da definición previa das necesidades a satisfacer, e salvagada da libre competencia e a selección da oferta económica mais ventaxosa.

Fene, a 23 de decembro de 2014

A Interventora

Marta Roca Naveira."

Considerando que no informe da Intervención municipal de fiscalización do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos ponse de manifesto, entre outras cuestións, a necesidade de que polo concello se procedese ó recoñecemento e pago das citadas facturas pois noutro caso estaría-se a producir un enriquecemento inxusto da administración.

Dado que as facturas ás que se fixo referencia corresponden todas elas a exercicios anteriores ó presente, polo que para proceder á súa aprobación deberá procederse ó seu recoñecemento extraxudicial de créditos. O nome de "recoñecemento extraxudicial de crédito" deriva da posibilidade que teñen as Entidades Locais para proceder a recoñecer aquelas obrigas económicas que, aínda incumprindo a norma de non ter consignación orzamentaria ou de non seguir o procedemento de adjudicación correspondente, derivan de prestacións de servizos, execución de obras ou entrega de materiais que efectivamente se realizasen, evitando así a necesidade de iniciar as accións xudiciais correspondentes por parte dos contratistas, que serían estimadas en base á citada teoría do enriquecemento inxusto. De ahí deriva o nome de recoñecemento extraxudicial en canto vense a substituír ós órganos xudiciais.

En definitiva, a proposta de recoñecemento extraxudicial pretende que o Concello recoñeza como propias as obrigas para con terceiros derivadas das prestacións por éstos realizadas en anos anteriores, evitando así o enriquecemento inxusto da Administración.

Considerando que tal e como se puxo de manifesto no informe da intervención municipal no orzamento do exercicio 2014 non existía crédito para imputar estes gastos polo que con carácter previo a este expediente habíltouse o crédito adecuado e suficiente nunha das aplicacións orzamentarias afectadas, o que implica que nestes casos a competencia para o recoñecemento extraxudicial de crédito corresponde ó Pleno en virtude do contido das BEO.

Por todo o anterior, esta Alcaldía emite a seguinte proposta de acordo para que polo Pleno se adopten os seguintes acordos:

1º Aproba-lo recoñecemento extraxudicial das facturas relativas ó expediente de recoñecemento extraxudicial nº 8/2014 por un importe total de 2384.00 €.

2º A conseguinte aprobación e ordenación do seu pagamento, da relación de facturas con cargo ás aplicacións orzamentarias de aplicación dacordo co detalle que se adxunta a continuación:

Nº Fact	NºReg.	Proveedor y Concepto	Aplicac. Orz	Importe
001	2014/3287	Marino Puentes Rodríguez	912/22690	200.00 €
546/2014-A	2014/3032	Instituto Gallego de Cirujía Ocular	221/16008	952.00 €
570/2014-A	2014/3031	Instituto Gallego de Cirujía Ocular	221/16008	1232.00 €

3º.- Dar traslado do presente acordo á Intervención e Tesourería municipal.

En Fene, a 23 de decembro de 2014.

O ALCALDE

Gumersindo P. Galego Feal"

O voceiro do grupo socialista, don Antón Lois Noceda Carballo, anuncia a abstención do seu grupo para facilitar a aprobación do expediente e o cobro polos provedores, pero quere manifestar que ao goberno cando lle convén recorda que o equipo anterior de goberno tiña contratos verbais e neste expediente vólvese ver un informe da intervención que fala de contratación verbal sen procedemento administrativo, algo que segue vixente a seis meses de que se acabe este mandato, polo que non debía ser tan doado eliminar todos estes contratos verbais.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría simple de 6 votos a favor do grupo do PP, con 7 abstencións (3 do grupo socialista, 3 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto).

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

1º **Aproba-lo recoñecemento extraxudicial das facturas relativas ó expediente de recoñecemento extraxudicial nº 8/2014 por un importe total de 2384.00 €.**

2º **A conseguinte aprobación e ordenación do seu pagamento, da relación de facturas con cargo ás aplicacións orzamentarias de aplicación dacordo co detalle que se adxunta a continuación:**

Nº Fact	NºReg.	Proveedor y Concepto	Aplicac. Orz	Importe
001	2014/3287	Marino Puentes Rodríguez	912/22690	200.00 €
546/2014-A	2014/3032	Instituto Gallego de Cirujía Ocular	221/16008	952.00 €
570/2014-A	2014/3031	Instituto Gallego de Cirujía Ocular	221/16008	1232.00 €

3º.- Dar traslado do presente acordo á Intervención e Tesourería municipal.

5.-Aprobación, se procede, do gasto da xestión do Servizo de bombeos derivado do Convenio de colaboración marco entre os Concellos de Ares, Fene e Mugaros aprobado polo Pleno da Corporación na sesión do 06.09.2012 correspondente ao ano 2014

Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego do Concello de Fene en sesión extraordinaria en data 26 de decembro 2014 por 3 votos a favor do Partido Popular e 2 abstencións , BNG (1) e GRUPO MIXTO (1):

"PROPOSTA DA ALCALDIA

ASUNTO.- APROBACION DO GASTO DO EXERCICIO 2014 DO SERVIZO PÚBLICO DE XESTIÓN DE BOMBEOS Ó ABEIRO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN MARCO ASINADO ENTRE OS CONCELLOS DE ARES, FENE E MUGARDOS APROBADO POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN SESIÓN DE 06/09/2012.

Logo de ver que con data de 6 de setembro de 2012 o Pleno da corporación prestou aprobación ó convenio de colaboración marco para a xestión compartida do servizo de bombeos da obra "Actuacións de saneamento a zona norte da ría de Ares e na zona sur da ría de Ferrol" (EDAR).

Considerando que o citado convenio prevé na súa cláusula quinta relativa á Comisión Mixta de Coordinación que: "(...)As súas principais funcións serán:

- (...) Elaborar o orzamento anual do servizo compartido e sometelo a aprobación plenaria dos concellos asociados xunto coa distribución de cargas que xenere o servizo e , proposta da periodicidade para o abono das cantidades á que se refire a cláusula 9ª. (...)"

Considerando que a xestión integral do servizo, ó abeiro deste convenio, encomendouse ó Concello de Ares.

Considerando que o Concello de Ares remitiu con data de 30 de xaneiro de 2014 copia do contrato asinado con data de 30/12/2013 de xestión do servizo público de explotación e mantemento do sistema pertencente á actuación de saneamento da zona norte da ría de Ares e zona sur da ría de Ferrol (conduccións e bombeos) Ares, Fene e Mugaros formalizado entre o Concello de Ares e a empresa Sociedad Anónima de Gestión de Servicios y Conservación, GESECO por un prezo de 433.741,27 €.

Considerando que a prestación do servizo comezou o 1 de xullo de 2014.

Considerando que o Concello de Ares remitiu con data de 10 de decembro notificación da resolución da Alcaldía nº 402/14 pola que procedeu á aprobación das facturas presentadas por GESECO, SA DE GESTIÓN DE SERVICIOS Y CONSERVACIÓN dos meses de xullo a outubro por importe 72290.20 €.

Considerando que con data de 23/12/2014 a comisión mixta de coordinación prestou aprobación ó orzamento anual do servizo do exercicio 2014 (por importe equivalente ás facturas da empresa GESECO, SA DE GESTIÓN DE SERVICIOS Y CONSERVACIÓN dos meses de xullo a decembro) por un importe global de 108435.30 € e acordou a distribución da financiación do servizo do seguinte xeito: 25% para os concellos de Ares e Mugaros e 50% para o Concello de Fene.

Considerando as obrigas asumidas polo noso concello ó abeiro do citado convenio marco, é polo que exposto canto antecede, esta Alcaldía eleva ó Pleno da Corporación a seguinte proposta de acordo:

1º.- Aprobación do orzamento anual do exercicio 2014 , que foi elaborado pola Comisión Mixta con data de 23/12/2014 , do servizo de explotación e mantemento do sistema pertencente á actuación de saneamento da zona norte da ría de Ares e zona sur da ría de Ferrol (conduccións e bombeos) Ares, Fene e Mugaros por un importe de 108435.30 €, correspondéndolle ó Concello de Fene o abono ó Concello de Ares do 50% dos citados gastos no presente exercicio (54217.75 €).

2º.- Notificar o presente acordó ó Concello de Ares e á Intervención municipal.

Fene, a 23/12/2014.

O Alcalde

Gumersindo P. Galego Feal”

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría simple de 6 votos a favor do grupo do PP, con 7 abstencións (3 do grupo socialista, 3 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto).

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

1º.- Aprobar o orzamento anual do exercicio 2014 , que foi elaborado pola Comisión Mixta con data de 23/12/2014 , do servizo de explotación e mantemento do sistema pertencente á actuación de saneamento da zona norte da ría de Ares e zona sur da ría de Ferrol (conduccións e bombeos) Ares, Fene e Mugaros por un importe de 108435.30 €, correspondéndolle ó Concello de Fene o abono ó Concello de Ares do 50% dos citados gastos no presente exercicio (54217.75 €).

2º.- Notificar o presente acordó ó Concello de Ares e á Intervención municipal.

Finalizado a orde do día o alcalde levanta a sesión ás 8:55 horas, de todo o que como secretaria dou fe.

O alcalde

A secretaria

Gumersindo Pedro Galego Feal

Estefanía Manteiga Lamas